

AS TEXTUALIDADES ELECTRÓNICAS E A ONOMÁSTICA GALEGA. NOVOS ESCENARIOS E NOVAS FORMAS PARA A TOPONIMIA CORUÑESA

Estefanía Mosquera Castro
Universidade da Coruña
e.mosquera@udc.es

1. A onomástica e a lingüística diacrónica

As aproximacións ás orixes dos nomes propios de persoa e de lugar e ás súas transformacións co paso do tempo constitúen estudos de relevante importancia no só desde a perspectiva sociocultural dos pobos, mais tamén no relativo á súa historia lingüística. Neste sentido, son evidentes os vínculos que a onomástica mantén coa disciplina filolóxico-gramatical, na medida en que aquela conforma unha fonte de grande valor para o estudo diacrónico do idioma. De acordo con Ferreiro (2001: 27), a lingua non é unha construción biolóxica e, por tanto, nomear as terras e os lugares que se habitan é unha tarefa plenamente humana e constitúe o primeiro esforzo de “dominar” o medio en que se vive e de o posuír a través dun nome. Mais como indica este autor, o caso galego vira aínda máis significativo se temos en conta a diversidade e a riqueza onomástica da Galiza, reveladora dunha “íntima simbiose entre paisaxe e poboadores, entre ser humano e hábitat”.

É por esta razón, que a análise, a divulgación e a recuperación da onomástica galega vira unha tarefa de enorme importancia, non só en tanto que esfera de coñecemento en si propia, mais tamén polo seu carácter interdisciplinar. Sobre esta cuestión, convén salientarmos a necesidade de se inauguraren novas focaxes que permitan abordaren esta materia desde diversas ópticas e que complementen e actualicen as xa existentes. En consecuencia, xulgamos necesario analizarmos tamén a presenza e o tratamento da onomástica nos novos escenarios que a revolución tecnolóxica, nomeadamente no campo das telecomunicacións, creou para a expresión lingüística. Así, se para o estudo da onomástica histórica os manuscritos foron a fonte fundamental, na actualidade as

diferentes tipoloxías textuais xeradas polo soporte electrónico tamén se erixen como un recurso valiosísimo para a súa abordaxe sincrónica. As mensaxes de texto, o correo electrónico, os novos sistemas de mensaxaría instantánea e as redes sociais constitúen hodiernamente espazos moi transitados polas galegas e polos galegos e, por tanto, son tamén testemuña de múltiples referencias toponímicas e antroponímicas que lles permiten nomearen e posuíren as realidades físicas nese novo espazo dixital.

2. As textualidades electrónicas, a lingüística e a onomástica

Os avances que se produciron nos últimos anos, nalgún caso décadas, no ámbito das tecnoloxías da información e da comunicación afectaron non só a esfera tecnolóxica, mais tamén supuxeron unha verdadeira transformación sociocultural. Esta innovación nas telecomunicacións modificou moitos aspectos do modo en que entendemos o mundo e nos relacionamos con el. Nesta liña, son evidentes as implicacións da revolución tecnolóxica na esfera lingüística: o desenvolvemento dos antecitados medios de interacción electrónica alterou os parámetros de espazo e de tempo tradicionais, a forma en que o usuariado transmite, recibe e procesa a información e tamén o modo en que codifica as súas mensaxes e interaxe a través das plataformas dixitais (Mosquera Castro & Wellings 2014: 173). Así as cousas, as distintas modalidades discursivas xurdidas neste contexto motivaron o aparecemento de novos códigos lingüísticos que desafían a gramática e a ortografía normativa para se adaptaren aos condicionamentos tecnolóxicos dos novos escenarios e ás novas necesidades comunicativas do usuariado.

Cada época desenvolveu novos medios de comunicación e moitos deles acabaron por xerar variedades lingüísticas propias: na antigüidade o lume, no século XVIII o telégrafo e na actualidade a Internet e os dispositivos electrónicos. Así pois, o século XXI non foxe á regra de calquera outra época (Benedito 2003: 191). E embora a interacción electrónica sexa testemuña dunha ampla gama de rexistros en lingua galega, son realmente frecuentes os textos de natureza informal que manifestan diversas licenzas lingüísticas, non só para solucionaren as xa

mencionadas limitacións comunicativas do medio, mais tamén para dotaren de expresividade o discurso: pensemos que a situación de enunciación está moi próxima da simultaneidade e da espontaneidade dunha conversa face a face, mais que esta é realizada a distancia e a través do código gráfico. Neste sentido, as estratexias lingüísticas da escrita electrónica caracterízanse por dous principios fundamentais, o de economía e o de expresividade; con eles usuariado consegue establecer comunicacións áxiles e dinámicas, próximas dos intercambios dialóxicos de carácter conversacional, reducindo o tempo e o espazo e mitigando na medida do posíbel a falta de información paraverbal.

A natureza sintética e expresiva da escrita electrónica non só se manifesta no referente á súa organización textual e sintáctica, mais afecta igualmente todas as áreas da descrición lingüística, con especial énfase na componente ortográfica e fonética da lingua. A onomástica, a pesar da súa importancia para a identificación de referentes físicos de persoas e de lugar (Sánchez Rei 2011: 509), tamén non conseguiu escapar á tendencia sinalada para a escrita electrónica e, nesta liña, o seu estudo nestes sistemas permite non só evidenciar os procesos lingüísticos que se producen nos sistemas de comunicación electrónica, mais tamén observarmos as distintas solucións que conviven aínda no territorio galego para un mesmo termo ou a estreita relación entre a paisaxe e as persoas. O corpus de mensaxes electrónicas manexadas demostra a enorme produtividade desta materia, e máis concretamente da toponimia. Neste sentido, como grande parte dos informantes proceden da Coruña e da súa comarca, na seguinte epígrafe abordaremos de forma máis pormenorizada os principais fenómenos lingüísticos que están presentes nas referencias topográficas desta rexión.

3. A toponimia coruñesa na escrita electrónica: novas estratexias para vellos referentes

As mensaxes de texto que conforman o noso corpus –un total de 800– documentan, como xa foi apuntado, a diversidade e a riqueza dos nomes topográficos da Galiza e, mais concretamente da comarca da Coruña; de feito, aproximadamente o 10% dos contextos presentan cando menos unha ocorrencia toponímica e deles máis do 6% fan referencia a

emprazamentos coruñeses. Así pois, a rendibilidade que adquire tamén neste espazo a toponimia é, na nosa opinión, máis un indicador da súa importancia no ámbito galego, sobre todo a termos en conta que o nomenclátor da Galiza supón, como sinala Ferreiro (2001: 27), practicamente a metade dos topónimos do Estado español.

Este rico mundo onomástico presente nas interaccións electrónicas permite, por unha parte, analizarmos o mantemento dos fortes vínculos que desde sempre se estableceron entre o ser humano e o territorio que habita e que, a pesar da tendencia cara á globalización, segue a nos situar no mundo desde unha perspectiva local. Neste punto, é significativo o seguinte exemplo:

- (1) o q non me acordei antes foi decirch q quen esta moi maliña e
M José da Cabana a nai d noelia (igual xa cho dixo Mari)

Por outra parte, estes novos escenarios continúan, igualmente, a seren testemuñas das relacións tamén íntimas entre a onomástica e a sociolingüística no ámbito galego, como xa puxo de relevo Monteagudo (1985). Concretamente, o noso corpus documenta a pervivencia de interferencias lingüísticas procedentes do español e, xa que logo, a convivencia da forma lexítima galega e da espúrea –embora traducida parcialmente para o galego– en textos de diferente autoría. Eis unha mostra:

- (2) operaron a eva d nebras non sei si da visicula ou algo asi pero nn sei fijo...oxe rabuñouye 1 gato d vixuan a xiana na cara en un brazo...sta feita un poema..ahhhhhh e teu padriño xa s aburre en suiza e o 30 d ste mes xa o temos aki..ven pa trabayar na corña e se ten pa tdo o ano xa nn s vai en fin...toda 1 historia bstnt peculiar

- (3) Saio d vilaxoan

Non obstante, para alén da persistencia dos antecitados fenómenos nos sistemas de comunicación electrónica, o que resulta enormemente significativo –como xa se observa nos exemplos até o de agora expostos– é o modo en que, en xeral, as referencias toponímicas reflicten grande parte das estratexias lingüísticas propias da escrita dixital, nomeadamente aquelas máis relacionadas co principio de economía. Sobre esta cuestión, cómpre sinalarmos que, sen saírmos do contexto

dixital, a simplificación dos nomes de lugar contaba xa con algúns antecedentes previos á aparición das diferentes textualidades electrónicas: así, varias das regulamentacións contidas no estándar ISO 3166-1, encargado de proporcionar códigos para nomes de países e dependencias administrativas, establecen identificadores de dúas ou tres letras para facer referencia aos dominios xeográficos de nivel superior da Internet como o .es, o .eu, o .pt, o .cat ou o recentemente instaurado .gal para a toponimia electrónica galega.

A finalidade principal da elaboración deste tipo de estándares é determinar unha serie mundial de abreviaturas para os nomes de lugar para que estas poidan ser utilizadas en múltiples operacións, xa que os mencionados códigos permiten indicar a localización electrónica dun modo menos ambiguo que o topónimo completo. Pensemos, por exemplo, na súa potencial utilidade para a xeolocalización nun territorio como a Galiza, onde a riqueza onomástica e a situación sociolingüística provocan enormes diverxencias (variantes españolizadas, variantes dialectais, casos de homonimia etc.). Poderíamos pensar que a ampla difusión deste tipo de abreviaturas de lugar a través dos dominios da Internet e as propias características técnicas e interactivas da escrita electrónica favorecerían unha maior presenza destes códigos en lugar do topónimo completo: reduciríase o número de caracteres e diminuíría, consecuentemente, o tempo de redacción, motivo por que a interacción viraría máis áxil e cobraría maior dinamismo.

Con todo, e a termos en consideración a diversidade e a complexidade dos nomes de lugar da Galiza, o uso de abreviaturas para toda a riqueza toponímica do país suporía unha laboriosa tarefa e requiriría dunha grande capacidade mnemotécnica, sobre todo se reparamos nos espazos xeográficos de nivel inferior, pois é especialmente nos micropónimos onde fica máis patente a estreita relación entre as persoas e o medio no territorio galego. Na opinión de Freixeiro Mato (2005: 191), “os nosos antepasados adoitaron nomear todo aquilo que os rodeaba (leiras, montes, outeiros, vales, mesmo penas, furnas ou cantís) para os integraren na súa vida cotiá”. Por tal razón, recorreremos a estes códigos deixaría de ser funcional, cando menos neste contexto. É por iso que xulgamos que as mensaxes de texto evidencian en moitos casos o mantemento da forma estendida dos topónimos, como se observa nas seguintes mostras:

(4) Hola! Stas currando? O domingo 26 vids comer a Laraxe? Bicos

(5) Hola, q tal? Se ves a Ferrol o vindeiro luns come con nos. Bicos.

(6) Que teñades un bo nadal galegos! As mellores festas estan en Galicia! Vivamos como Galegos!

O uso deste tipo de formas reducidas tan só aparece nas interaccións electrónicas cando se trata de voces que presentan un alto grao de consolidación e a coincidiren con entidades de nivel superior, nomeadamente cidades grandes, países ou estados. Así as cousas, na Galiza o único topónimo que presenta esta clase de redución é aquel que fai referencia ao nome do país que, como vimos en 6, convive no noso corpus coa forma completa:

(7) Xa stamos outra vez de festa!! (cousa rara de Gz)... Asi k pasadeo ben e feliz aninovo!! ARRIBA GZ!

En todo o caso, nin o uso da forma completa e normativa do topónimo nin o emprego de códigos alfanuméricos constitúen as alternativas máis rendíbeis no tratamento da toponimia na mensaxaría electrónica. Nestes medios, no noso corpus evidenciamos que existe unha maior tendencia a utilizar moitos dos recursos lingüísticos de simplificación que se desenvolveron para este medio. Así, por exemplo, observamos como a toponimia tamen se ve afectada pola eliminación da oposición entre as maiúsculas e as minúsculas a favor destas; de feito moitas das regras de comportamento que circulan pola Internet recomendan non utilizar as maiúsculas porque pode resultar ofensivo (Benedito 2003). No entanto, nos medios de interacción que simulan a conversa presencial este recurso é útil en determinadas situacións en que se quere resaltar algún aspecto da mensaxe, como se poderá notar. Mais en relación co primeiro punto, é frecuente que tanto os nomes de persoa como os nomes propios de lugar aparezan en minúscula; contamos con múltiples exemplos: *riazor* (27), *pastoriza* (27), *burgo* (28), *nebras* (2), *curtis* (29) ou *miño* (30), entre outros. Eis máis algún:

(8) Maña van vir os familiares d alex a andrade. Vide pola tarde tomar un cafe se queredes

(9) felz nadal a todsj e prospero an novoj desde esteiro para tods vs. FELZ 2011j

(10) Prdone x dsprtala!!!! pero ahora e ora d levntarse!!!! oxe tmos un cmple en irixoa dun colegita d xiana e maña vams ir o prke acuatico...apuntadevos e vide k ali ven coyedes!!!!

A extensión do uso das minúsculas para aquelas función específicas das maiúsculas pode xustificarse como unha estratexia para dotar de rapidez a comunicación pulsando o menor número de teclas posíbel. Porén, existen determinadas ocasións en que o usuariado opta por redixir as súas mensaxes en maiúsculas, que adquiren, en consecuencia, significados específicos que se enmarcan no contexto da escrita expresiva e oralizante (Álvarez Martínez 2008: 259). Na escrita electrónica existe, pois, unha norma xeralmente aceptada pola cal o uso de maiúsculas equivale a berrar ou elevar a voz, mais por extensión a súa aparición responde tamén a outras motivacións, isto é, utilízase para enfatizar unha palabra, para subliñar a importancia do que se está a transmitir ou mesmo como consecuencia dun estado de ánimo específico, nomeadamente euforia ou enfado. E a toponimia coruñesa participa tamén, en ocasións, destes usos, como se deduce de (7). Velaquí máis unha mostra:

(11) Meternm outra multa en FENE! Tivo q ser kndo fun vr a meu pai ao ospital, xq senn nn o entnd! Me kago n tdo jodr. Kn esa pasta ya pagab l otel! N fines..KAKA

De igual forma, a ausencia de acentos gráficos é tamén unha constante nos topónimos, inclusive naqueles casos en que a súa grafía coincide total ou parcialmente coa estándar. Nos teclados dos telemóbeis e dos novos dispositivos electrónicos non é doado accedermos aos sinais de acentuación e a prioridade, sobre todo nas interaccións sincrónicas, é a celeridade na comunicación, razón que explica a súa omisión na totalidade das ocorrencias toponímicas documentadas:

(12) Kariiii! Vou para sabon! Jeje! bea e a miña titora! Km mola! Q se prepare edu! Jeje! Vemons a noite! Qtm8 pelexo! Xps!

(13) Ao final nn ims a **kaion**, akbo d falar kn alx e di q myor nn. Chamam d tdas formas e se iso qdams.

(3) Saio d **vilaxoan**

Un dos fenómenos que máis afecta a escrita electrónica e conseqüentemente tamén os topónimos é a elisión de caracteres. O acurtamento de palabras a través da omisión de diversas letras na posición interior, na inicial ou na final constitúe o recurso de simplificación máis utilizado polo usuariado dos medios dixitais. Nesta liña, a tendencia é que as grafías eliminadas sexan fundamentalmente vogais, dado que, a pesar de seren estas as únicas capaces de formaren núcleo silábico e as portadoras das particularidades prosódicas (Freixeiro Mato 2006, I: 65), as consoantes presentan un valor informativo maior do que as vogais (Crystal 2008: 26). De feito, a escrita consonántica conforma un sistema perfectamente estábel en moitos idiomas, cal o árabe ou o hebreo, de modo que é asumida con naturalidade polas persoas galegas que utilizan o soporte electrónico. As elisións vocálicas prodúcense normalmente por dedución contextual, isto é, porque resulta doado recuperalas a través das consoantes que forman a palabra, motivo por que é moi frecuente a eliminación case sistemática da letra “e”, como se pode ver nos seguintes topónimos:

(14) FELZ NADAL A TODOS; e prospero ano nv. desde **steiro** para tods vos.

(15) po ano vemns en **melid** flz navid e prsper aninovo

(16) Stou n **pontedeum** q tiven q traer o coxe d alx ao tayer a ksa d meu pai, nn sei se darei chegado a tmpo! Chamote kndo saiba algo sguo ok? E snn maña pods?

En moitos casos o maior ou menor grao de simplificación requerido en cada interacción particular provoca, en consecuencia, un maior ou menor número de elisións vocálicas no mesmo nome de lugar, de forma que nas mostras do corpus podemos achar as seguintes variantes reducidas do topónimo *Pontedeume*. Nuns casos con elisión no final de palabra, como se deduce de 16, e noutros con simplificacións tamén no interior do vocábulo:

(17) Q tal d kmpras? Kurraxe m8? Dsknsa 1 pk anda, q o merecs! Eu tou **pntdeume** e logo irei ksa papa! Muaka baby! Sta smana cofe?

(18) Stou saind d **pontdeum**! Ate a noit nn saims!! Pois si q tomachs a peito o dos sabads famliars! Jeje! Pasadeo ben e oyo coa dieta e sbtrdo k postre! Pasteleiros!!

(19) Ola! Quedoum o mbl n **pntdeum**, x iso non dei sinais d vida, ainda q xa vin q ti tampouco! jeje! Q tal a finde? Eu oxe teño q preparar todo pra marxar mañ cdo!

Porén, nin sempre é esta a vogal que ten de ser reconstruída, pois nalgún caso vira preciso recuperarmos un “a”, un “o” ou mesmo un “u”, como se pode comprobar nos exemplos que figuran a seguir:

(20) Ola! Q e da tua vida! Se qres un dia dsts pola tard podems tormary algo! Vads ir a fsta d **arteix**? alx qre celebrar o seu cumpl en san isidro o dia 8 de xuño, apuntadesvos? Xa m dirás...a todo. Bks

(21) kbp spzo **cruñ** ;)

A eliminación de caracteres consonánticos, embora non sexa tan rendíbel como no caso das vogais, tamén constitúe un recurso lingüístico con certa presenza na escrita electrónica e a toponimia é, máis unha vez, testemuña destes procedementos. De feito, nalgúns casos chegan inclusive a se suprimiren sílabas completas –ou ben no interior ou ben no final de palabra– como evidencian estas mensaxes:

(2) operaron a eva d nebras non sei si da visicula ou algo asi pero nn sei fijo...oxe rabuñouye 1 gato d **vi[la]xuan** a xiana na cara en un brazo...sta feita un poema..ahhhhhh e teu padriño xa s aburre en suiza e o 30 d ste mes xa o temos aki..ven pa trabayar na corña e se ten pa tdo o ano xa nn s vai en fin...toda 1 historia bstnt peculiar

(22) boas fsts e prsper ani nov uns bks!!!!!! :) soms s mas guais de **mugar[dos]** incluid emiliño -.-! jojojojo FELIZ NAVIDAD :) HELLO serafiiiiii :) :)

En ocasións tamén operan nos topónimos estratexias de escrita fonética, como a simplificación da correspondencia entre o fonema e a letra, naqueles casos en que a escrita da lingua galega presenta certas

particularidades en relación coa representación gráfica do plano fónico. Como trataremos a seguir, nuns casos existen fonemas que precisan de dígrafos para seren representados e noutros contamos con dúas grafías diferentes para representar un único fonema. Así, a tendencia fonetizante da escrita electrónica tradúcese neste caso no uso indistinto das diversas grafías que representan un mesmo son, independentemente do que marquen as regras ortográficas do galego. E aínda que poida ser considerado un fenómeno de simplificación en canto que reduce as regras de correspondencia, estes usos responden igualmente a unha vontade creativa e transgresora por parte do usuariado.

Son diversos os fonemas afectados por este recurso, mais as ocorrencias topográficas do noso corpus tan só documentan un deles, o /k,/ que, no entanto, é tamén aquel que maior interese presenta do punto de vista da súa representación gráfica na escrita electrónica. A subscribirmos as palabras de Freixeiro Mato (2006, l: 138), este fonema pode aparecer simbolizado na escrita estándar do galego a través da letra *c*, do dígrafo *qu* ou mesmo da grafía foránea *k*, utilizada exclusivamente para reproducir palabras de procedencia estranxeira. Neste punto, a escrita electrónica é moito máis subversiva e manifesta unha notoria predilección polo emprego de *k*, como se pode observar nos seguintes casos:

(13) Ao final nn ims a **kaion**, akbo d falar kn alx e di q myor nn. Chamam d tdas formas e se iso qdams.

(23) Non imos q ainda van tardar en vir polo neno e logo nn hai qn s mta n **koruña**

A simplificación dos dígrafos camiña, como xa apuntamos, nunha dirección similar. Neste caso o principio de economía vira aínda máis evidente, dado que a finalidade é a compactación de bloques de caracteres formados por dúas grafías que representan unha soa unidade fonética (Vela Delfa 2005: 690). O proceso dos dígrafos consiste concretamente na fusión de ambas as unidades que conforman o conxunto nun outro carácter, diferente do punto de vista gráfico dos integrantes do grupo inicial, mais acusticamente equivalente ou próximo. Este mecanismo afecta os dígrafos *ch* e *ll* que pasan a se representar na escrita como *x*

e *y*, respectivamente. No último caso, o uso da grafía *y* para redixir de forma reducida o dígrafo non pode explicarse sen a interferencia do español, en que a dita letra se utiliza en distribución complementaria con *ll* para representar a mesma unidade fónica. A respecto da toponimia, tan só achamos exemplos para esta última solución, a convivir noutros contextos coa forma plena:

(24) Fosts a **krbayeira** ou andads x aki?

(25) Bosssss diasssss! Perdin 1 euro na timba d pkr! Porka miseria! Da **carballeira** so vims os famosos churros! XD q tal vos? Stou m8 kansad! Lv td a fnd durmnd n xan!!

E, por último, a toponimia é tamén testemuña da relaxación ortotopográfica que se atesta na escrita electrónica e da falta de revisión dos textos, provocada pola velocidade e a espontaneidade con que se envían as mensaxes. A respecto deste desleixo lingüístico, Crystal (2004: 79) apunta que “this is actually a rather minor effect, which rarely interferes with intelligibility. It is patently a special style arising out of the pressures operating on users of the medium, plus a natural desire (especially among younger –or younger-minded– users) to be idiosyncratic and daring”. Neste sentido, se recibimos unha mensaxe en que unha persoa escribiu de forma incorrecta unha palabra, non debemos concluir que non sabe deletrear, mais simplemente que ou ben non é hábil co teclado ou que tiña présa. Esta debe de ser a explicación para que o topónimo *Vioño* apareza grafado da seguinte forma:

(26) Ok. Se keres aparca ao lado da escola de Soul en **Voiño** k sempre hai sitio e esperote ali

4. Conclusións

As mostras anteriores permiten notarmos que ao contrario do que acontece cos antropónimos, en que por regra xeral non operan os recursos lingüísticos propios desta linguaxe, nos topónimos –neste caso nos da comarca da Coruña– podemos observar o uso dunha grande parte das estratexias de simplificación e de expresión propias desta modalidade de escrita, o que resulta realmente significativo sendo ambos

nomes propios. Na nosa opinión os antropónimos, a pesar de seren de uso común, manteñen a súa exclusividade ao se referiren a un individuo concreto a quen respectamos a súa identidade; ao contrario, os topónimos, aínda se adscribindo a un lugar en concreto, son utilizados por un colectivo moito maior, o que xulgamos que contribúe para a súa xeneralización e para o seu desgaste en tanto que nome propio, embora non deixe de o ser en sentido estrito.

Será pois esta situación a que, ao noso ver, favoreza que a toponimia presente, ao igual que o léxico común, unha maior cantidade de mecanismos propios desta nova modalidade gráfica. Outrosí, tamén ao longo das páxinas que preceden podemos comprobar a rendibilidade dos novos soportes electrónicos como máis un escenario para o estudo e a análise da onomástica. A importancia destes novos espazos é evidente na actualidade, como tamén o é a súa implicación na esfera lingüística. Por tanto, é de desexar que as investigacións sobre a lingua galega exploren nun futuro estas novas posibilidades de traballo, na medida en que poderían achegar resultados certamente interesantes a respecto da onomástica.

Bibliografía

- Álvarez Martínez, S. (2008): *Interacciones sincrónicas escritas en línea y aprendizaje del español: caracterización, perspectivas y limitaciones*. Tese de doutoramento. Universidade de Lleida. Dispoñíbel en http://www.galanet.eu/publication/fichiers/Alvarez2008_tesis.pdf. Consultado en 31/01/2014.
- Benedito, J. (2003): *Dicionário da Internet e do Telemóvel* (Lisboa: Centro Atlântico).
- Crystal, D. (2004): *Language revolution* (Cambridge: Polity).
- Crystal, D. (2008). *Txtng: The Gr8 Db8* (Oxford: Oxford University Press).
- Ferreiro, M. (2001) [1997]: *Gramática histórica galega*. Volume II. *Lexicoloxía* (Santiago de Compostela: Laiovento).

- Freixeiro Mato, X. R. (2005): "A recuperación da topoantroponimia e a perda de referentes culturais para a mocidade". *I Xornadas sobre lingua e Usos, 'Lingua e cidade'*, p. 191-204 (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña).
- Freixeiro Mato, X. R. (2006) [1998/2000/1999/2003]: *Gramática da lingua galega*. Volume I. *Fonética e Fonoloxía*. Volume II. *Morfosintaxe*. Volume III. *Semántica*. Volume IV. *Gramática do texto* (Vigo: A Nosa Terra).
- Monteagudo, H. (1985): "Aspectos sociolingüísticos do galego, castelán e latín na Idade Media en Galicia", *Revista de Administración Galega* 1, 85-108.
- Mosquera Castro, E. & P. Wellings, M. (2014): "Os códigos lingüísticos da rede e a paisaxe lingüística galega", *Estudos de Lingüística Galega* 6, 173-197.
- Sánchez Rei, X. M. (2011): *Lingua galega e variación dialectal* (Ames / Santiago de Compostela: Laiovento).
- Vela Delfa, C. (2005): *El Correo Electrónico: El nacimiento de un nuevo género*. Tese de doutoramento: Universidad Complutense de Madrid. Dispoñíbel en http://www.galanet.eu/publication/fichiers/tesis_cristina_vela_delfa.pdf. Consultado en 05/05/2014.

Anexos

- (1) o q non me acordei antes foi decirch q quen esta moi maliña e M José da Cabana a nai d noelia (igual xa cho dixó Mari).
- (2) operaron a eva d nebras non sei si da visicula ou algo asi pero nn sei fijo...oxe rabuñouye 1 gato d vixuan a xiana na cara en un brazo...sta feita un poema..ahhhhhh e teu padriño xa s aburre en suiza e o 30 d ste mes xa o temos aki..ven pa trabayar na corña e se ten pa tdo o ano xa nn s vai en fin...toda 1 historia bstnt peculiar

- (3) Saio d vilaxoan
- (4) Hola! Stas currando? O domingo 26 vids comer a Laraxe? Bicos
- (5) Hola, q tal? Se ves a Ferrol o vindeiro luns come con nos. Bicos.
- (6) Que teñades un bo nadal galegos! As mellores festas estan en Galicia! Vivamos como Galegos!
- (7) Xa stamos outra vez de festa!! (cousa rara de Gz)... Asi k pasadeo ben e feliz aninovo!! ARRIBA GZ!
- (8) Maña van vir os familiares d alex a andrade. Vide pola tarde tomar un cafe se queredes
- (9) felz nadal a todsj e prospero an novoj desde esteiro para tods vs. FELZ 2011i
- (10) Prdone x dsprtala!!!! pero ahora e ora d levntarse!!!! oxe tmos un cmple en irixoa dun colegita d xiana e maña vams ir o prke acuatico...apuntadevos e vide k ali ven coyedes!!!!
- (11) Meternm outra multa en FENE! Tivo q ser kndo fun vr a meu pai ao ospital, xq senn nn o entnd! Me kago n tdo jodr. Kn esa pasta ya pagab l otel! N fines..KAKA
- (12) Kariiii! Vou para sabon! Jeje! bea e a miña titora! Km mola! Q se prepare edu! Jeje! Vemons a noite! Qtm8 pelexo! Xps!
- (13) Ao final nn ims a kaion, akbo d falar kn alx e di q myor nn. Chamam d tdas formas e se iso qdams.
- (14) FELZ NADAL A TODOSj e prospero ano nv. desde steiro para tods vos.
- (15) po ano vemns en melid flz navid e prsper aninovo
- (16) Stou n pontedeum q tiven q traer o coxe d alx ao tayer a ksa d meu pai, nn sei se darei chegado a tmpo! Chamote kndo saiba algo sguro ok? E snn maña pods?
- (17) Q tal d kmpras? Kurraxe m8? Dsknsa 1 pk anda, q o merecs! Eu tou pntdeume e logo irei ksa papa! Muaka baby! Sta smana cofe?
- (18) Stou saind d pontdeum! Ate a noit nn saims!! Pois si q tomachs a peito o dos sabads famliars! Jeje! Pasadeo ben e oyo coa dieta e sbrtdo k postre! Pasteleiros!!

- (19) Ola! Quedoum o mbl n pntdeum, x iso non dei sinais d vida, ainda q xa vin q ti tampouco! jeje! Q tal a finde? Eu oxe teño q preparar todo pra marxar mañ cdo!
- (20) Ola! Q e da tua vida! Se qres un dia dsts pola tard podems tormary algo! Vads ir a fsta d arteix? alx qre celebrar o seu cumpl en san isidro o dia 8 de xuño, apuntadesvos? Xa m dirás...a todo. Bks
- (21) kbp spzo cruñ ;)
- (22) boas fsts e prsper ani nov uns bks!!!!!! :) soms s mas guais de mugar[dos] incluid emiliño --! jojojojo FELIZ NAVIDAD :) HELLO serafiiiiin :)
- (23) Non imos q ainda van tardar en vir polo neno e logo nn hai qn s mta n koruña
- (24) Fosts a krbayeira ou andads x aki?
- (25) Bosssss diasssss! Perdin 1 euro na timba d pkr! Porka miseria! Da carballeira so vims os famosos churros! XD q tal vos? Stou m8 kansad! Lv td a fnd durmnd n xan!!
- (26) Ok. Se keres aparca ao lado da escola de Soul en Voiño k sempre hai sitio e esperote ali
- (27) Ola chorvi! Pois n s. Xoan tokou riazor! Oxe tou d kmunion n meson pastoriza! E maña a kasa da miña avoa! Stou morta! Isto d levar tkons e 1dport d risiko! Admirot
- (28) Ola! Q tal? Faceds algo? Stamos no burgo vndo a Griye! Supoño q lg irems tmar algo... asiq s vos fai xa sabds
- (29) ahhhh olvidouseme decir k empezei a trabayar o viernes en curtis....dous meses....
- (30) ola chicos!! Acaba de morrer M Jose e levana p miño...